


# CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

17-18 de marzo do 2018

## V DO TEMPO DA CORESMA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COAS MULLERES, CO POBO DE SIRIA  
E CON TODOS OS REFUXIADOS



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

**CANTO** 🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*  
**SAÚDO DE BENVIDA**

### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A piques de rematar o tempo da coresma, achegámonos á mesa do Señor. Queremos hoxe descubrir que o misterio da cruz non é só baixeza do noso pecado, senón grandeza de Deus; non foi froito da casualidade ou da improvisación, senón da coherencia de Xesús. El entrega a súa vida, quere facelo. Quere ser semente botada en terra, e non teme a escuridade da terra, pois é nesa escuridade onde xermola vida nova e esperanza nova

Só cando a semente morre, só cando deixa de ser semente é posible que dela nazan froitos novos. Só quen dá vida se enche de vida, só cando un se dá aos demais sinte que os demais enchen a vida de un.

## ACTO PENITENCIAL

*Celebrante* Pómonos agora Señor nas túas mans, mans que enchen de vida o noso corazón. Na certeza do teu amor perdoador confesamos a nosa complicidade nas feridas da terra. Confiados pedimos perdón:

### *Monitor/a*

➤ Perdoa, Señor, as veces que nos sobran palabras e nos faltan froitos.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Perdoa, Señor, as veces que nos faltan caridades e nos sobran egoísmos.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Perdoa, Señor, ás veces que non queremos ser semente do evanxeo nesta terra.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

*Celebrante* Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

*Celebrante* Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Hoxe queremos ser voz agradecida con todas as mulleres e homes dispostos a sementar esperanzas, ilusión e igualdade.

*(silenzo)*

Deus, Noso Pai,  
o teu fillo entregouse á morte por amor  
como semente de vida nova.  
Concédenos a graza de vivirmos con gozo  
no seu mesmo espírito de caridade,  
para sermos seitura dun mundo novo  
con vocación de eternidade.  
Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina  
por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

*(sentad@s)* a palabra de Deus proclámase dende o ambón

*Celebrante* Imos agora deixar que Deus nos fale,  
porque as súas palabras son de salvación non de  
condena, son de esperanza non de fracaso.  
Con Xesús sexamos semente de vida.

No Leccionario B páxina 72

LECTURA

**LECTURA DA PROFECÍA DE XEREMÍAS**

♪ n° 41 **Quen nos vai separar**

SALMO

*(en pé)* No Leccionario B páxina 74

EVANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO**

**SEGUNDO XOÁN**

*(sentad@s)* gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste encontro parroquial, sabendo Señor que Ti sempre estás á nosa beira, queremos facer camiño para Pascua. Dicimos.

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

### *Monitor/a*

Credes en Deus,  
que se nos dá coma un Pai  
e que nos acolle coma o seu pobo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús,  
que, coma sementes na terra,  
convídanos a dar a vida  
para estar cheos de vida?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito de Deus  
que dende o corazón nos encamiña á PASCUA,  
e á GLORIA DA RESURRECCIÓN?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa,  
comunidade acollida por Deus  
e chamada a sementar e recoller froitos de vida eterna?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## (en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

*Celebrante* Movidos pola fe que compartimos acudimos a ti, Pai de misericordia, conscientes da nosa debilidade e necesitados da túa axuda, e facémolo dicindo: **Pai, axúdanos no camiño**

### *Monitor/a*

1. Pai, presentámosche o clamor de todos os pobres do mundo, e que están demandando a nosa solidariedade. Por iso rezamos

2. Presentámosche a todas as persoas que están dando tempo, cartos, esforzos, algo da súa vida polos marxinados. Queremos estar con eles. Por iso rezamos

3. Presentámosche a toda a túa igrexa da que formamos parte; que dentro dela poida máis o afán polo ben da xente que a ansia de coidarse so a si mesma. Por iso rezamos

4. Presentámosche tamén unha oración por todas as persoas que traballan no campo, que vexan valorados e recompensados os seus esforzos. Por iso rezamos

5. Presentámosche tamén oración pola familia do neno Gabriel e por todas as que por unhas ou outras razóns non van ter unha boa Pascua. Por iso rezamos

*Celebrante* Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas pregarías e desexos axudándonos a vivir sendo testemuñas o evanxeo de Cristo, noso Señor. Amén.

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante** Imos agora rezar, imos dicir “danos hoxe o noso pan de cada día” sabendo que compartimos hoxe o pan do sementado antes. A nosa paz, o alborexar de xustiza, a fraternidade, todos os valores que enchoupan mellor ou peor a nosa vida foron sementeira antes, non se improvisan. Pedir o pan de cada día esixe de nós sementar hoxe, para compartir mañá. Rezando cos demais e polos demais dicimos NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos. Vale a pena dármonos a paz.

**CANTO** 🎵 *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

#### COMUÑÓN

**Celebrante** Participar nesta celebración é comprometer a vida en ser, coma Cristo, pan partido, rachado e entregado a todos, pois só dándonos, aínda a prezo de rachar, nacerá un mundo resucitado. Ditosos nós convidados a este pan do Señor.

**CANTO** 🎵 *nº 58 Acharte presente na vida*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

##### *Celebrante*

Oremos:

Deus, noso Pai, Ti aléntasnos coa túa Palabra e aliméntasnos co pan da vida, que enche a nosa fe, fai medrar a esperanza e enfortece a nosa caridade.

Axúdanos a ser semente de evanxeo para no día de mañá dar froitos que fagan medrar a dignidade desta terra na que compartimos. Por Cristo, noso Señor.

*Con Xesús queremos pousar a nosa mirada nos seminaristas que se forman para no mañá dar vida ao evanxeo.*

*Con Xesús queremos medrar atrevéndonos a mellorar a igrexa para que sexa semente de paz, xustiza e agarimo.*

*Con Xesús non queremos nin podemos calar a guerra silenciosa que hai en Siria cada día.*

Que o Señor nos bendiga,†  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén

*Avísase das misas (ver folla do mes)*